

**Ainhoa Trillo Atán**  
**Colegio Manuela Rial Mouzo (A Coruña)**  
**GALICIA**



## **Stendhal**

A arte pode provocar distintas emocións, pero para Alice, ía moito máis alá. Case obrigada a formar parte de este mundo, coñeceu e estudou cada detalle que o conforma. De exposición en exposición, de museo en museo.

Unha romántica empedernida, una obsesa do control. A pesar da súa curta idade, Alice realizou infinidade de viaxes, todo cun fin artístico, claro está. Pero nin de todas as viaxes aprendeu algo novo, nin de todos volveu sendo a mesma.

1987. Florencia

Nunca antes visitara Italia para centrarse única e exclusivamente nas artes. Nunca visitara Florencia, e tras facelo, nunca máis volvemos a ver á Alice que disfrutaba creando e estudando creación.

Algo a mergullaba nunha tristura infinita naquela cidade, algo a convertía nunha ferverza de bágoas, algo fixo que cambiara a súa forma de ser, de sentir, de ver a vida, porque a Alice que volveu era completamente distinta á Alice que todos coñeciamos, á Alice que repleta de paixón viaxara perseguindo un soño.

De cando en vez, aínda que con moita confusión, lembraba en voz alta os sitios da cidade que máis chamaron a súa atención, e cando o facía, comezaba a tremer, coma se o

medo vivise desde entón no seu interior e espertase co recordó, coma se algo lle oprimise a alma e acelerase o corazón cando intentaba facer memoria.

Unha noite, berrando chea de pavor dende a súa habitación, intenta contarme que dende a volta da viaxe o ambiente está enrarecido, que sinte como se alguén tivese posta a súa atención en ela e non deixase de observala. Intento calmala, pero, en realidade, eu tiña moito máis medo: confusións, temores, alucinacións... De verdade fora tan desgarradora e importante esa viaxe a Florencia??

Polo seu propio pé, un tempo despois, Alice púxose en mans dunha especialista que sesión máis tarde me comentou o cadro depresivo que Alice estaba sufrindo, e ao pouco tempo, a enfermidade psicomática pola que estaba pasando:

- Trátase dunha enfermidade psicomática, o síndrome de Stendhal, que causa un elevado ritmo cardíaco, vértixe, confusión, tremores, palpitacións, depresións e inclusive pode que alucinacións. A repetición dunha mesma obra nun espazo pequeno, pode provocar, en persoas que sofren este síndrome, os problemas citados anteriormente. Tense constancia desta enfermidade dende o ano 1817, o autor francés Stendhal foi o primeiro en describir esta experiencia, de aí que o síndrome reciba o seu nome, e tamén ocorreu na súa visita a Florencia.

Alice comentoume que a súa viaxe a Florencia fora especial, pero “especial” non sempre é bo. Tal vez isto poda axudarte a entender.

Entregoume unha carta que agochaba o seguinte escrito:

Acariñar as feridas,

bicarte os medos.

Unha obra de arte que

durou o que dura un

solpor.

Alice

Querida Alice, xamais algo me quebrou tanto como esas palabras.

A obra de arte es ti, recórdao.